

Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

CURSO COTSG

**EUTANASIA E COIDADOS AO
FINAL DA VIDA. O PAPEL DO
TRABALLO SOCIAL SANITARIO.**





01. RESUMO DO CURSO

02. FUNDAMENTACIÓN

03. OBXECTIVOS


04. CONTIDOS FORMATIVOS

05. PERSOAS DESTINATARIAS

06. METODOLOXÍA


07. AVALIACIÓN

08. CALENDARIO



INDICE

RESUMO DO CURSO




60 horas



Do 2 de febreiro ao 17 de marzo de 2025









Teleformación con sesións online



67€ para persoas colexiadas e pre-colexiadas
134€ para persoas non colexiadas



EUTANASIA E COIDADOS AO FINAL DA VIDA. O PAPEL DO TRABALLO SOCIAL SANITARIO

-  60 horas
-  Teleformación
-  2 de febreiro ao 17 de marzo de 2025
-  Persoas colexiadas ou pre-colexiadas **67€** antes ~~134€~~
Persoas non colexiadas **134€**
-  **Docentes:** Julio Piedra Cristóbal e Juan Jesús Rosa Martín - Traballadores Sociais
-  **Inscripción aberta** ata o 27 de xaneiro de 2025 ou ata completar prazas



Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia

FUNDAMENTACIÓN

Falar da eutanasia e coidados ao final da vida é falar dun tema complexo que provoca grandes dilemas éticos, morais e relixiosos a nivel mundial, facéndose necesario unha abordaxe integral da persoa.

O debate sobre a eutanasia foi evolucionando ao longo do tempo, á vez que a sociedade o fai tamén, creando novos escenarios e desafíos aos que debemos enfrontarnos.

A profesión do Traballo Social, en especial, do Traballo Social Sanitario, está moi presente neste contexto, xa que, en moitos casos, podemos ser quen demos a coñecer a existencia desta prestación, ou a porta de entrada cando unha persoa decide solicitala.

Por outra banda, os coidados ao final da vida ou paliativos están destinados a mellorar a calidade de vida das persoas que presentan unha enfermidade grave e/ou terminal, aliviando o seu sufrimento físico, psicolóxico e espiritual tanto aos e as pacientes como aos seus familiares durante este duro proceso.

FUNDAMENTACIÓN


Desde o Traballo Social Sanitario desempeñanse funcións moi importantes no contexto dos coidados paliativos dos pacientes, debido a que desenvolve un traballo en rede con distintos profesionais que interveñen no proceso, dando resposta ás necesidades de forma integral en todos os ámbitos da vida da persoa e a súa familia. existencia da prestación, así como o acompañamento en todo o proceso.

Os e as profesionais do Traballo Social Sanitario encárganse de que as necesidades e desexos dos e as pacientes e os seus seres queridos respéctense en todo momento.

É por iso, que nas dúas situacións, somos unha peza fundamental, tanto no contexto dos coidados ao final da vida, para garantir unha intervención holística das persoas nesa etapa tan crucial das súas vidas, como no de eutanasia, dando a coñecer a existencia da prestación, así como o acompañamento en todo o proceso.


OBXECTIVOS

- Coñecer os aspectos e procedementos relativos á intervención do Traballo Social no proceso de dereito de axuda a morir dignamente.
- Favorecer o coñecemento das características que definen aos Coidados Paliativos desde unha perspectiva de intervención do Traballo Social Sanitario, o que facilitará unha mellor atención das persoas que viven unha enfermidade avanzada e terminal dos seus familiares.





CONTIDOS FORMATIVOS



BLOQUE 1. EUTANASIA EN ESPAÑA E O PAPEL DO TRABALLO SOCIAL SANITARIO

- UNIDADE DE DIDÁCTICA 1
- UNIDADE DIDÁCTICA 2
- SESIÓN VIRTUAL

BLOQUE 2. O PAPEL DO TRABALLO SOCIAL SANITARIO NOS COIDADOS AO FINAL DA VIDA

- UNIDADE DIDÁCTICA 1
- SESIÓN VIRTUAL

PERSOAS DESTINATARIAS

PREFERENTEMENTE PROFESIONAIS DO TRABALLO SOCIAL COLEXIADAS OU PRECOLEXIADAS NO COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA, ESTUDANTADO DE ÚLTIMO CURSO DO GRADO DE TRABALLO SOCIAL E OUTRAS PROFESIÓNS RELACIONADAS CO ÁMBITO DO SOCIAL.


- ● ● ● ● ● ● ● ● ●
- ● ● ● ● ● ● ● ● ●
- ● ● ● ● ● ● ● ● ●



METODOLOXÍA

A metodoloxía é a propia da formación online. O alumnado deberá visualizar o temario (PDF) subido **á plataforma Moodle**, así como o material complementario de apoio. Unha vez visualizado todo o temario realizará as avaliacións tipo test dos contidos impartidos. Isto determinará gran parte da calificación final do curso.

Ademais, o estudantado deberá **asistir ás sesións virtuais** que a realizará unha persoa profesional de Traballo Social e tratará sobre Eutanasia, Coidados Paliativos e Traballo Social, así como a realización dunha proba de avaliación sobre os contidos das mesmas. Esta sesión comunicárase con suficiente antelación a través do foro **“Tablón de Anuncios”** da plataforma de formación.



O alumnado terá a posibilidade de realizar calquer consulta, reflexión, opinión ou dúbida a través de foros temáticos de cada unidade didáctica habilitados para iso.

Todo isto, deberá ser executado no prazo establecido de duración da formación, pasado este prazo non se poderán realizar cambios nin entrgas en Moodle, salvo circunstancias debidamente xustificadas.

Por outra banda, o alumnado inscrito deberá realizar un cuestionario de satisfacción final da formación recibida co fin de detectar posibles necesidades educativas para as prpóximas edicións.

AVALIACIÓN

AVALIACIÓN FINAL:


A avaliación positiva do alumnado seguirá as seguintes pautas:

- Realización de todas as avaliacións tipo test cunha nota final de 8 sobre 10 (non hai límite de intentos nin de tempos para a súa realización)
- Asistencia obrigatoria ás sesións virtuais impartida polo equipo docente




Julio Piedra


Traballador Social Sanitario nun Centro de Saúde (Servizo Andaluz de Saúde), Docente na Facultade de Traballo Social da Universidade de Huelva e Profesor-Tutor do Centro Asociado da UNED-Huelva.



Juan Jesús Roca

Traballador Social, Experto na Abordaxe da Conducta Suicida e en Saúde Mental Comunitaria.





Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

Rúa Dublín, 6, baixo. 15707 Santiago
de Compostela

981 568 100

info@traballosocial.gal

www.traballosocial.gal

facebook.com/COTSdeGalicia

[@cotsgalicia](https://twitter.com/cotsgalicia)

